

PARADA 01
A FÁBRICA DE POETAS
IES POETA DÍAZ CASTRO

A FÁBRICA DE POETAS. PASO A PASO

1. PREPARAR O SET DOS PASAPORTES (coordinado co equipo de loxística)
2. DECIDIR QUE PUNTOS SE EMPREGAN NO XOGO E DISPOÑIBILIDADE DO ESPAZO
3. IMPRIMIR OS VERSOS, RECORTALOS E PEGALOS NAS POSICIÓNS
4. UBICAR AS POSICIÓNS NO MAPA PLASTIFICADO
5. REPARTIR AS POSICIÓNS ENTRE O EQUIPO DO ROTEIRO PARA QUE SE SITÚEN
6. RECIBEN AO GRUPO NO VESTÍBULO COLOCÁNDOO EN SEMICÍRCULO
7. **PRESENTACIÓN** E **EXPLICACIÓN** DA ACTIVIDADE
8. DIVIDIMOS OS VISITANTES EN GRUPOS DE 3-5 PERSOAS E DÁMOSLLES O MAPA COS PUNTOS
9. EN CADA POSICIÓN O GUÍA PIDE QUE RECITEN AO UNÍSONO E DÉIXALLES COLLER O VERSO
10. CANDO TEÑEN TODOS OS SEUS VERSOS VOLTAN AO VESTÍBULO
11. FACEMOS A **CONCLUSIÓN** DO XOGO
12. LOXÍSTICA REPARTE O PASAPORTE (hai de 2/3 cores para facer os grupos) POÑENDO O SELO
13. PEDIMOS QUE CUBRAN O PASAPORTE CO SEU NOME E O VERSO QUE ESCOLLAN
14. PEDIMOS QUE SE COLOQUEN CO ANFITRIÓN DA SÚA COR QUE XA TEN UN MAPA
15. FACEMOS FOTO DE GRUPO E SAIMOS CARA AS PARADAS ONDE XA ESTÁN OS GUÍAS
16. RECOLLEMOS TODO O MATERIAL, DÁMOSLLO A LOXÍSTICA E ACOMPAÑAMOS A UN GRUPO

A FÁBRICA DE POETAS. PRESENTACIÓN

Ola, e benvidos ao roteiro da Fábrica de Poetas, **un paseo literario pola vila de Guitiriz** e que comeza aquí no noso instituto que leva o nome de Xosé María Díaz Castro. Sabedes quen é?

Díaz Castro foi un poeta que naceu en Guitiriz, na aldea do Vilariño en 1914. No 2014, cando se cumpria o centenario do seu nacemento, dedicáronlle as Letras Galegas e neste instituto, celebrouse con moitas actividades. Entre elas, este roteiro, polo que xa pasaron máis de mil persoas de toda Galicia.

Nesta parada **propoñémosvos entrar na Fábrica de Poetas colleitando versos**. Ides atopalos pendurados polo instituto e tedes que conseguir polo menos tres versos por grupo. Para iso pediránvos que os recitedes a coro.

Os puntos onde podedes atopar os versos están marcados nun mapa que imos repartir facendo grupos. Poñédevos en dúas filas e así será máis sinxelo. Cando teñades os tres versos regresade aquí, ao punto de partida.

E agora, a colleitar versos!

MATERIAIS NECESARIOS:

- As follas cos versos para ubicar polo IES
- Celo para pegar os versos
- Mapas do IES con pegatinas de ubicación
- Guías para estar ao lado de cada verso

NOTAS DA ACTIVIDADE:

- Antes de que cheguen os visitantes teñen que estar os versos pegados e os guías ubicados
- Para dividilos poñémolos en 2 filas e damos un mapa a cada 3-4 persoas
- Os guías deben de estar pendentes do remate da actividade.

A FÁBRICA DE POETAS. DISTRIBUCIÓN DOS VERSOS.

COMO UNHA ESPADA	A beleza fireume para sempre
VELEIQUÍ OS HOMES	Velaquí os homes de soños sementados
COMA UNHA ÍNSUA	Pra te chamar, ouh nai, ouh insua miña!
COMA BRASAS	Poeta ou non eu cantarei as cousas
COMO UN ANXO AIRADO	Erte, fillo, como anxo airado
ESMERALDA	Herba pequerrechiña que con medo surrís
TERRA SUCADA	Terra sucada, poema de cen versos na outonía
O VERME I A ESTRELA	A lus do mundo é a que arde nunha bágoa
A NOITE É NECESARIA	Hai homes cheos de sombra
AI, CAPITÁN	Eu vinte contra o sol nunha hora tola
POLPA DORIDA	Ei, terra verde e mar de orballo

FÁBRICA DE POETAS. CONCLUSIÓN

Todos os versos que tedes na man están neste poemario. Trátase de **Nimbos, o único libro que Díaz Castro publicou en vida**. Son 33 poemas que falan do rural galego no que naceu. Moitos de nós vivimos en aldeas moi parecidas á de Díaz Castro pero... seremos escritores como el?

E vós? Ao mellor facédesvos escritores tralo voso paso pola Fábrica de Poetas. De momento ímosvos dar un pasaporte para poder continuar esta viaxe literaria. Cando o teñades, poñede o voso nome e un verso que vos gustara.

(Loxística entrega os pasaportes, de tantas cores como grupos se fagan)

Se xa acabastes ídevos reunindo co anfitrión e cos visitantes da vosa cor. Ese é o voso grupo para o resto da mañá.

Levades un mapa co voso percorrido, así que non ten perda.
Boa viaxe poética!

MATERIAIS NECESARIOS:

- Un exemplar de Nimbos
- Os pasaportes de 2 ou 3 cores
- Un bolígrafo para cada participante
- Os mapas para cada grupo

NOTAS DA ACTIVIDADE:

- Temos que ter preparado nunha mesa celo e os pasaportes para que peguen o verso e colocar o selo.
- Damos tantas cores de pasaporte como grupos queremos facer. Temos tres: verde, laranxa e azul
- Ao repartir os pasaportes ir alternando cores para romper grupiños.